



PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE XESTIÓN E ATENCIÓN SOCIOEDUCATIVA NO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA (PAI) DO CONCELLO DE AGOLADA MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO, CON VARIOS CRITEIROS DE ADXUDICACIÓN, TRAMITACIÓN ORDINARIA

Expediente núm.: 13/2022

DENOMINACIÓN	"CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE XESTIÓN E ATENCIÓN SOCIOEDUCATIVA NO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA (PAI) DO CONCELLO DE AGOLADA"
CPV	80110000-8
TIPO DE CONTRATO	Contrato de servizos
ÓRGANO DE CONTRATACIÓN	Alcalde
PROCEDIMIENTO	Abierto Simplificado
FINANCIACIÓN	*Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Xunta de Galicia: 60.756,18 euros. * Fondos propios do Concello de Agolada: 110.759,22 euros.
VALOR ESTIMADO	171.515,40 euros
PRECIO	171.515,40 euros (trátase dunha activiad exenta de IVE)
PARTIDA	320.227
PROCEDIMIENTO	Aberto simplificado con varios criterios de adxudicación
PUBLICIDAD	Perfil del Contratante: http://www.agolada.es/
REGISTRO	https://agolada.sedelectronica.gal/
LICITACIÓN ELECTRÓNICA	ELECTRÓNICA
CLASIFICACIÓN	Categoría 2, Grupo U, Subgrupo 5

CLÁUSULA PRIMEIRA. Obxecto, cualificación, finalidade do contrato e necesidades a





satisfacer.

1.1.-O presente contrato de servizos ten por obxecto a contratación do servizo de xestión e atención socio- educativa no Punto de Atención á Infancia (PAI) do Concello de Agolada, segundo o prego de prescricións técnicas. As necesidades a satisfacer son a atención integral dos nenos e nenas de 3 meses a 3 anos, tanto nos aspectos educativos, como nos aspectos de coidado, hixiene e alimentación dentro do horario do PAI. A prestación do servizo comprenderá a atención integral dos nenos e das nenas, tanto nos aspectos educativos, nos termos recollidos na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, e no Decreto 330/2009, de 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia, e no Decreto 329/2005, de 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e de atención á infancia, como os aspectos de coidado, hixiene e alimentación dentro do horario do PAI. Tamén comprenderá a administración do centro baixo a coordinación do Concello de Agolada, e en todo caso, deberá cumprirse o establecido especificamente no Regulamento de réxime interno do Punto de Atención á Infancia (PAI) do Concello de Agolada e no prego de prescricións técnicas, así como no presente prego, que forman parte da licitación.

1.2.-O contrato definido ten a cualificación de contrato administrativo de servizos, tal e como establece o artigo 17 da LCSP.

1.3.-. A codificación correspondente para este servizo público da nomenclatura de Vocabulario Común de Contratos Públicos (CPV), aprobado polo Regulamento (CE) 213/2008 da Comisión de 28 de novembro de 2007, polo que se modifica o Regulamento (CE) nº 2195/2002 do Parlamento Europeo e do Consello polo que se aproba o Vocabulario Común de Contratos Públicos (CPV), é a seguinte: 80110000-8 (servizos de ensinanza preescolar).

1.4.-Contrato non suxeito a regulación harmonizada, xa que o seu valor estimado non é igual ou superior ao umbral establecido no artigo 22 da LCSP.

1.5.- O órgano de contratación xustifica e acorda a non división en lotes do obxecto do presente contrato no expediente administrativo tramitado ao efecto. A realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do presente contrato podería dificultar a correcta execución do mesmo dende un punto de vista técnico. O risco para a correcta execución do contrato procede da natureza obxecto do mesmo, ao implicar a necesidade de coordinar a execución das diferentes prestacións, cuestións que podería verse imposibilitada pola súa división en lotes e execución por unha pluralidade de contratistas diferentes.

CLÁUSULA SEGUNDA. Procedemento de contratación e órgano de contratación.



A forma de adxudicación do contrato será o procedemento aberto simplificado, no que todo empresario interesado poderá presentar una proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores.

De conformidade co artigo 61 LCSP, a representación das entidades do sector público en materia contractual corresponde ós órganos de contratación, unipersonais ou colexiados que, en virtude de norma legal ou reglamentaria ou disposición estatutaria, teñan atribuída a facultade de celebrar contratos no seu nome.

Para o presente contrato o órgano de contratación é o Alcalde do Concello de Agolada.

CLÁUSULA TERCEIRA. Perfil de contratante

Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á súa actividade contractual, e sen prexuízo da utilización doutros medios de publicidade, este Concello conta co Perfil de Contratante ao que se terá acceso segundo as especificacións que se regulan na páxina web seguinte: <https://agolada.sedelectronica.gal/>.

CLÁUSULA CUARTA. Orzamento base de Licitación e valor estimado do contrato

4.1.- O orzamento base de licitación que opera como límite máximo de gasto que en virtude do presente contrato pode comprometer o órgano de contratación, ascende á cantidade de 171.515,40 euros, e inclúe os custes directos e indirectos e outros eventuais gastos precisos para a súa execución. A duración de cada curso escolar será de setembro a xullo.

No orzamento de licitación enténdense contemplados todos os conceptos, excepto o Imposto sobre o Valor Engadido, así como calquera outro imposto ou gasto que poida gravar a operación, gastos de desprazamento, visados colexiais, no seu caso, etc.

A proposición económica dos licitadores non poderá ser superior ao orzamento de licitación aprobado para a contratación, no caso contrario, a proposta do licitador non será admitida.

4.2.- O presente contrato administrativo de servizos está exento de IVE, en virtude do establecido no artigo 20.9 o) da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do Imposto sobre o Valor Engadido, cando sexa realizado por entidades persoais autorizadas para o exercicio das devanditas actividades educativas. A tales efectos os licitadores deberán acreditar nas súas ofertas dita autorización.



4.3.- O valor estimado do presente contrato conforme ao disposto no artigo 101 da LCSP será de 171.515,40 euros (importe total, prevendo as eventuais prórrogas, e tendo en conta a totalidade das modificacións previstas).

4.4.- Para atender as obrigas económicas que se deriven para o ente contratante do cumprimento do presente contrato, existe crédito suficiente no orzamento vixente con cargo á partida 330.227 do orzamento municipal para o exercicio 2024.

4.5.- O órgano competente en materia orzamentaria reservará, no seu caso, os créditos oportunos nos orzamentos dos exercicios futuros xa que a adxudicación e formalización do contrato queda sometida á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigas derivadas do contrato nos exercicios seguintes futuros.

4.6.- O prezo do contrato non é susceptible de revisión de prezos, en aplicación do artigo 103 da LCSP.

4.7.- O contrato cofinánciase coa subvención que anualmente ven outorgando a Xunta de Galicia, a través da Consellería competente en cada caso, mediante as subvencións destinadas á cofinanciación da prestación de servizos sociais polas corporacións locais, polo que o presente contrato queda sometido á condición resolutoria da percepción da correspondente financiación da Xunta de Galicia. Asemesmo, cofinánciase con fondos propios do Concello e aportacións dos usuarios.

4.8.- De conformidade co disposto no artigo 174 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de maio) e nos artigos 79 e seguintes do Decreto 500/90, a autorización ou realización dos gastos de carácter plurianual subordinaránse ao crédito que para cada exercizo autoricen os respectivos orzamentos. Deste xeito, e no caso de prórroga, a eficacia do contrato quedará condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos xerais do Concello para este fin.

CLÁUSULA QUINTA. DURACIÓN DO CONTRATO

5.1.- O prazo de execución do presente contrato será de dous (2) anos, a contar dende a formalización do contrato.

5.2.- De conformidade co disposto no artigo 29 LCSP, o contrato poderá prorrogarse anualmente polo órgano de contratación, ata un máximo dun (1) ano, sendo a duración máxima da totalidade do contrato de tres anos, incluídas as prórrogas. A prórroga será obrigatoria para o empresario, sempre que o preaviso se produza alomenos con dous meses de antelación ó remate do prazo de duración do contrato.





5.3- Non obstante o establecido no apartado anterior, cando ao vencemento do contrato non se formalizara novo contrato que garantice a continuidade da prestación a realizar polo contratista como consecuencia de incidencias resultantes de acontecementos imprevisibles para o órgano de contratación producidas no procedemento de adxudicación e existan razóns de interese público para non interromper a prestación, podráse prorrogar o contrato orixinario ata que comece a execución do novo contrato e en todo caso por un período máximo de nove meses, sen modificar as restantes condicións do contrato, sempre que o anuncio de licitación do novo contrato se publicara con unha antelación mínima de tres meses respecto á data de remate do contrato orixinario.

CLÁUSULA SEXTA. Acreditación da Aptitude para Contratar

6.1 - Poderán optar á adxudicación do presente contrato as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, a título individual ou en unión temporal de empresarios, que teñan plena capacidade de obrar, que non se atopen incursas nas prohibicións e incompatibilidades para contratar coa Administración establecidas no artigo 70 da LCSP, e que acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

Os empresarios deberán contar, así mesmo coa habilitación empresarial e profesional que, no seu caso, sexa esixible para a realización da actividade ou prestación que constitúa o obxecto do contrato. Tamén deberán dispoñer dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a execución do contrato. As persoas xurídicas só poderán ser adxudicatarias de contratos cuxas prestacións estean comprendidas dentro das fins, obxecto ou ámbito de actividade que, segundo os seus estatutos ou regras fundacionais, lles sexan propios.

6.2.- Se varios empresarios acoden á licitación como unha unión temporal, cada un de eles deberá acreditar a súa personalidade e capacidade, acompañando todos os documentos aos que se refire a cláusula novena do presente prego, indicando a porcentaxe de cada unha delas, así como a designación de un representante ou apoderado único da unión, con poderes bastantes para exercitar os dereitos e cumprir as obrigas que do contrato se deriven ata a extinción do mesmo, sen prexuízo da existencia de poderes mancomunados que poidan outorgar as empresas para cobros e pagos de contías significativas. Para a presentación de ofertas por parte da unión de empresarios non se esixe a formalización da unión en escritura pública. Non obstante no caso de resultar adxudicataria, deberá formalizarse a unión de empresarios en escritura pública dentro do prazo máximo de 15 días a contar dende a notificación da axudicación do contrato.

7.3.- A capacidade de obrar dos empresarios acreditaráse:

a) A capacidade de obrar dos empresarios que foran persoas xurídicas, mediante a



escritura ou documento de constitución e os estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no Rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate. No seu caso, dita documentación poderá ser substituída pola certificación do órgano encargado do Rexistro oficial correspondente que deberá acompañarse de unha declaración responsable do licitador na que manifieste que as circunstancias reflexadas na certificación non experimentaron variación.

b) A capacidade de obrar das empresas non españolas de Estados Membros da Unión Europea acreditaráse mediante a inscrición no Rexistro procedente de acordo coa lexislación do estado onde estean establecidos ou mediante a presentación de unha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

c) Os demais empresarios estranxeiros, mediante informe expedido pola Misión Diplomática Permanente ou oficina consular de España do lugar do enderezo da empresa, na que se faga constar, previa acreditación pola empresa, que figuran inscritas no Rexistro local profesional, comercial ou análogo ou, no seu defecto, que actúan co habitualidade no tráfico local no ámbito das actividades ás que se estende o obxecto do contrato. Deberá xustificar mediante informe que o Estado de procedencia da empresa estranxeira admite á súa vez a participación de empresas españolas na contratación cos entes do sector público asimilables aos enumerados no artigo 3, en forma substancialmente análoga. Dito informe será elaborado pola correspondente Oficina Económica e Comercial de España no exterior e acompañarase á documentación que se presente.

d) Para os empresarios individuais ou persoas físicas será obrigatoria a presentación de fotocopia de DNI ou o documento que o substitúa legalmente, e acreditar estar dado de alta no imposto de actividades económicas no epígrafe correspondente.

2.- A proba por parte dos empresarios da non concorrencia de algunha das prohibicións para contratar establecidas no artigo 71 da LCSP, poderá realizarse conforme ao disposto no artigo 85 da LCSP:

a) Mediante testimonio xudicial ou certificación administrativa, segundo os casos, e cando dito documento non poida ser expedido pola autoridade competente, poderá ser substituído por unha declaración responsable outorgada ante unha autoridade administrativa, notario público ou organismo cualificado.

b) Cando se trata de empresas de Estados membros da Unión Europea e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá tamén substituírse por unha declaración responsable, outorgada ante a autoridade xudicial.



3.- Documentos acreditativos da existencia da seguinte solvencia técnica, económica e financeira. De conformidade co artigo 87.1.a) da LCSP, os licitadores deberán acreditar xustificante da existencia dun seguro de responsabilidade civil por riscos profesionais por importe igual ou superior a 250.000,00 euros, que cubra os riscos profesionais derivados de eventuais danos ocasionados durante a execución do contrato así como aqueles derivados de posibles reclamacións dos usuarios cun prazo mínimo de vixencia ata a data de vencemento total do presente contrato.

-Solvencia técnica ou profesional -artigo 90 da LCSP- dos empresarios acreditaráse polo seguinte medio:

-Unha relación dos servizos similares ao obxecto do contrato realizadas nos últimos tres anos, que inclúa importes, datas e destinatario, público ou privado, das mesmas. Os traballos efectuados acreditaráse mediante certificados de boa execución expedidos ou visados polo órgano competente (cando o destinatario sexa unha entidade do sector público) ou, cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por éste, ou mediante unha declaración do empresario.

Dita acreditación realizaráse aportando os certificados de boa execución que cumpran os requisitos do artigo 90.1 a) da LCSP, e nos que se faga constar expresamente que os traballos se realizaron a satisfacción.

Asemesmo, o empresario deberá contar, coa habilitación empresarial ou profesional que sexa esixible para a realización da actividade ou prestación que constitúa o obxecto do contrato. Deberán estar en posesión da autorización de entidade prestadora de servizos sociais, conforme á normativa de aplicación.

De conformidade co disposto no artigo 75 da LCSP, para acreditar a solvencia esixida o empresario poderá basearse na solvencia e medios doutras entidades, independentemente da natureza xurídica dos vínculos que teña con eles, sempre que demostre, mediante a presentación dun acordo asinado entre as partes, que para a execución do contrato, dispón efectivamente desa solvencia e medios, e a entidade á que recurra non estea incurso nunha prohibición de contratar.

Ao abeiro do disposto no artigo 90 da LCSP cando o contratista sexa unha empresa de nova creación, entendendo por tal aquela que teña unha antigüidade inferior a cinco anos, a súa solvencia técnica poderá ser acreditada por calquera dos apartados do artigo 90.1 da LCSP, sen que en ningún caso sexa esixible o establecido na letra a) do artigo 90.1 LCSP.

4.- A inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público acreditará a teor do nel reflexado e agás proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario en canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, solvencia económica e financeira e técnica ou profesional,



clasificación e demais circunstancias inscritas, así como a concorrencia ou non concorrencia das prohibicións de contratar que deban constar no mesmo.

A estes efectos, tamén se considerará admisible a proposición do licitador que acredite a presentación da solicitude de inscrición no correspondente Rexistro xunto coa documentación preceptiva para elo, sempre que tal solicitude sexa de data anterior á data final de presentación das ofertas. A acreditación desta circunstancia terá lugar mediante a aportación do acuse de recibo da solicitude emitido polo correspondente Rexistro e dunha declaración responsable de aportación da documentación preceptiva e de non recibir requirimento de emenda.

5.- Non se esixe a clasificación do empresario. A clasificación para o presente contrato é potestativa, Categoría 2, Grupo U, Subgrupo 5 (artigo 37 do RD 1098/2001, de 12 de outubro, modificado polo RD 773/2015, de 28 de agosto, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións públicas).

CLÁUSULA SÉTIMA. Lugar e prazo de presentación.

7.1.-As proposicións dos interesados deberán axustarse aos pregos e documentación que rexen a licitación, e a súa presentación supón a aceptación incondicionada polo empresario do contido da totalidade das súas cláusulas ou condicións, sen salvidade ou reserva algunha. Cada entidade licitadora non poderá presentar máis de unha proposición, nin subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros se o fixera individualmente ou figurar en máis de unha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas por él subscritas.

7.2.- A documentación e proposicións que presenten os licitadores deberá presentarse única e exclusivamente, con carácter obrigatorio, de forma electrónica, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (<https://contrataciondelestado.es/>) e de conformidade cos requisitos técnicos establecidos na citada Plataforma.

A utilización destes servizos supón:

- A preparación e presentación de ofertas de forma telemática polo licitador.
- A custodia electrónica de ofertas polo sistema.
- A apertura e avaliación da documentación a través da plataforma.

7.3.- As proposicións, xunto coa documentación preceptiva presentaránse, dentro do prazo de QUINCE (15) DIAS NATURAIS contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación na Plataforma de Contratación do Sector Público, en dous sobres ou arquivos electrónicos cuxos documentos deberán ser asinados electrónicamente polo licitador ou persoa que o represente, e coa documentación e requisitos esixidos na cláusula novena. A denominación dos sobres é a seguinte:



— Anexo I: (Arquivo electrónico «A») Declaración responsable, documentación administrativa e documentación cuxa ponderación depende dun xuízo de valor.

— Anexo II: (Arquivo electrónico «B») Proposición económica e documentación cuantificable de forma automática.

Os documentos a incluír en cada sobre deberán ser orixinais ou copias autenticadas, conforme á lexislación en vigor.

7.4.- A licitación electrónica e a presentación de ofertas electrónicas implica que a documentación poderá enviarse en arquivos ou sobres virtuais, durante o prazo de presentación de ofertas, na Plataforma de Contratación do Sector Público, durante as 24 horas do día. O último día do prazo de presentación de ofertas poderá facerse ata as 23 horas 59 minutos e 59 segundos. Se a oferta é recibida despois de dito prazo e horario será excluída.

7.5.- Non se admitirá outra forma de presentación que a través da Plataforma de Contratación do Sector Público.

7.6 .- No suposto de que a empresa conorra á licitación con empresas pertencentes a un mesmo grupo, no sentido do artigo 42.1 do Código de Comercio, aos efectos a que se refire o artigo 149 LCSP, presentaráse necesariamente unha declaración indicando esta circunstancia e o nome ou denominación social das mesmas, debendo constar este documento en cada unha das ofertas formuladas por todas as empresas vinculadas que conorran á licitación.

CLÁUSULA OITAVA. Presentación de Proposicións e Documentación Administrativa

De conformidade co establecido na LCSP as proposicións deberán presentarse necesariamente e unicamente de forma electrónica no prazo de 15 días naturais contados a partir do día seguinte ao de publicación do anuncio de licitación no perfil do contratante.

As propostas dos interesados deben axustarse aos pregos e aos documentos que rexen a licitación, e a súa presentación implica a aceptación incondicional por parte do empresario do contido de todas as súas cláusulas ou condicións, sen excepción nin reserva algunha.

Cada licitador non poderá presentar máis dunha proposta, nin subscribirse a ningunha proposta en unión temporal con outras persoas se o fai individualmente ou se aparece en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas polas cales está subscrito.



De conformidade co artigo 157.2 LCSP, as proposicións para tomar parte na licitación presentaranse en dous arquivos electrónicos, asinados polo licitador. A denominación dos sobres é a seguinte:

- Anexo I: (Arquivo electrónico «A») Declaración responsable, documentación administrativa e documentación cuxa ponderación depende dun xuízo de valor.
- Anexo II: (Arquivo electrónico «B») Proposición económica e documentación cuantificable de forma automática.

Os documentos para incluír en cada sobre deberán ser orixinais ou copias autenticadas, conforme á Lexislación en vigor.

Dentro de cada sobre, incluíranse os seguintes documentos así como unha relación numerada dos mesmos:

- ARQUIVO ELECTRÓNICO «A»: DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA E DOCUMENTACIÓN PONDERABLE A través de XUIZOS DE VALOR

Presentarase conforme ao modelo incluído no Anexo I.

- ARQUIVO ELECTRÓNICO «B»: PROPOSICIÓN ECONÓMICA E DOCUMENTACIÓN CUANTIFICABLE DE FORMA AUTOMÁTICA.

Presentarase conforme ao modelo detallado no Anexo II.

A presente licitación ten carácter electrónico. Os licitadores deberán preparar e presentar as súas ofertas obrigatoriamente de forma electrónica a través da ferramenta de preparación e presentación de ofertas da Plataforma de Contratación do Sector Público.

A utilización destes servizos supón:

- A preparación e presentación de ofertas de forma telemática.
- A custodia electrónica de ofertas polo sistema.
- A apertura e avaliación da documentación a través da plataforma.

CONDICIÓNES ESPECIAIS DE EXECUCIÓN: Ademais, establécese como condicións especiais de execución as de carácter social e laboral en relación coa execución do contrato, vinculadas ao seu obxecto, no sentido do artigo 145 da LCSP, non sendo directa ou indirectamente discriminatoria a seguinte condición de execución:

O adxudicatario garantirá o uso de linguaxe non sexista na totalidade dos documentos emitidos.



PRESENTARASE CONFORME Ao ANEXO I.

No que respecta a as Unións Temporais de Empresarios, deberán presentar unha única declaración responsable e oferta de criterios valorables en cifras ou porcentaxes conforme ao modelo do Anexo I, subscrita por todas as entidades que constitúan a UTE.

Así mesmo, deberá achegarse o compromiso de constituír a unión temporal por parte dos empresarios que sexan parte da mesma de conformidade co esixido no apartado 3 do artigo 69 LCSP, cunha duración que será coincidente, polo menos, coa do contrato ata a súa extinción.

No escrito de compromiso indicárase: os nomes e circunstancias dos que a constitúan; a participación de cada un deles, así como a asunción do compromiso de constituírse formalmente en unión temporal en caso de resultar adxudicatarios do contrato. O citado documento deberá estar asinado polos representantes de cada unha das empresas que compoñen a unión.

O órgano ou a mesa de contratación poderán pedir aos licitadores que presenten a totalidade ou unha parte dos documentos xustificativos, cando consideren que existen dúbidas razoables sobre a vixencia ou fiabilidade da declaración, cando resulte necesario para o bo desenvolvemento do procedemento e, en todo caso, antes de adxudicar o contrato.

Se algunha proposición non gardase concordancia coa documentación examinada e admitida, excedese do orzamento basee de licitación, variase substancialmente o modelo establecido, comportase erro manifesto no importe da proposición, ou existise recoñecemento por parte do licitador de que adoce de erro ou inconsistencia que a fagan inviable, será refugada pola Mesa de contratación mediante resolución motivada, sen que sexa causa bastante para o rexeitamento o cambio ou omisión dalgunhas palabras do modelo se iso non altera o seu sentido.

Cando sexa preciso solicitar información adicional ou complementaria á que se refire o artigo 138 LCSP, a Administración contratante deberá facilitala, polo menos, tres días antes de que finalice o prazo fixado para a presentación de ofertas, sempre que dita petición preséntese cunha antelación mínima de 6 días respecto desa data. Esta solicitude efectuarase a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, emitindo copia de igual forma á seguinte dirección de correo electrónico: diego.garcia@agolada.es.

CLÁUSULA DÉCIMA. Criterios de Adjudicación



Para a valoración da proposición e a determinación da oferta máis vantaxosa atenderase a varios criterios de adxudicación, dependendo de criterios de adxudicación avaliados de forma automática ou mediante a aplicación de fórmulas e a criterios de adxudicación cuxa valoración depende dun xuízo de valor, cun máximo de 100 puntos, que resulta ser:

13.1. Criterios de adxudicación avaliados de forma automática ou mediante a aplicación de fórmulas. Valoraranse ata un máximo de 75 puntos.

13.1.1-Menor prezo ofertado polo licitador: Valorarase ata un máximo de 30 puntos. Aplicarase a seguinte fórmula directa para realizar a operación: $P_i=30(Of_{min}/Of_v)$

Sendo: - P_i =puntuación da oferta para valorar.

- Of_v = oferta a valorar.

- Of_{min} = oferta máis baixa de entre todas as presentadas.

13.1.2- Ampliación do horario proposto, para facilitar a flexibilidade horaria das familias, non para ampliar ou tempo de estancia dous alumnos/as: 30 puntos (10 puntos por cada media hora ofertada).

Outorgarase un total de 10 puntos por cada media hora de flexibilidade horaria ofertada.

Se algunha oferta preséntase por maior tempo de flexibilidade horaria sobre o máximo previsto outorgaráselle un total de 30 puntos.

13.1.3.- Realización de actividades puntuais (valorarase ata un máximo de 15 puntos):

Valorarase con 5 puntos cada unha das actividades propostas entre as que se indican:

- Actividades de clausura de curso.
- Actividades específicas de Nadal.
- Actividades específicas de Entroido.

13.2.- Criterios de adxudicación cuxa valoración depende dun xuízo de valor. Valoraranse ata un máximo de 25 puntos.



Outorgarase a máxima puntuación fixada en cada subcriterio aos documentos que se desenvolvan cun alto grao de detalle, coherencia, idoneidade da proposta, coñecemento e adecuación dos estudos presentados aos contidos indicados.

Outorgarase o 75 % da puntuación, en liñas xerais. Se o contido proposto en cada un dos subcriterios do respectivo apartado é presentado de forma adecuada e de maneira satisfactoria pero non se define de forma completa ou cun alto grao de detalle.

Outorgarase o 50% da puntuación se o contido proposto en cada un dos subcriterios do correspondente apartado é aceptable pero insuficiente e/o se define de forma parcial.

Outorgarase o 25% da puntuación se o contido proposto en cada un dos subcriterios do pertinente apartado realízase con escaso desenvolvemento.

Non será puntuable no caso de que o contido proposto en cada un dos subcriterios pertencentes ao concernente apartado non se considere acertado así como no caso de que o licitador non defina o contido do respectivo subcriterio a puntuar.

13.2.1.- Proxecto educativo. Valorarase ata un máximo de 20 puntos.

Deberá ter unha extensión máxima de 30 folios, a dúas caras, folios DIN A4, tipo de letra Arial 11.

Vos licitadores deberán presentar na súas proposicións un proxecto educativo do centro que, partindo das características do servizo descrito e do contorno social e cultural non que se empraza, deixe claro cales son vos principais trazos de identidade dá escola, exprese as intencións dá Comunidade Educativa respecto dous principios educativos, dous obxectivos e dá organización que inspiran a elaboración dúas demáis proxectos e vertebran a xestión participativa dá escola. Ou PEC deberá contar cos seguintes puntos:

1. Tipoloxía do PAI.
2. Características Básicas.
 - a. Características socioculturais do contorno.
 - b. Ou Centro.
 - c. As familias.
 - d. Vos nenos e meniñas.
 - e. Ou equipo educativo.
3. Sinais de Identidade.
 - a. Base legal.
 - b. Principios básicos dá tarefa educativa.
4. Contidos educativos.



Neste apartado deberase explicar, entre outros, a proposta de desenvolvemento dous seguintes momentos dá xornada:

- a. Ou período de adaptación.
- b. A acollida.
- c. A asemblea, non caso de propoñer facela.
- d. As propostas educativas programadas.
- e. Ou momento do patio e actividades non exterior.
- f. Ou xantar.
- g. A sesta.
- h. A despedida.
- i. A xornada non grupo de lactantes.
- j. Como se entende e aborda a intervención educativa con respecto á atención á diversidade.
- k. Educación para a igualdade.
- l. Tratamento lingüístico do centro.
- m. A participación das familias.
- n. A planificación do ambiente educativo. ou. Vos criterios para a selección e uso dous recursos materiais.
- p. Medidas para a avaliación.

Valorarase de forma positiva a inclusión dúas seguintes contidos:

- Obradoiros coas familias.
- Xestión e formación continua do equipo de traballo.
- Iniciación a idiomas estranxeiros.
- Educación ambiental.
- Introducción ás TIC's.

13.2.2.- Proxecto de organización interna do centro: Valorarase ata un máximo de 5 puntos.

Deberá ter unha extensión máxima de 20 folios, a dúas caras, folios DIN A4, tipo de letra Arial 11.

Deberá conter os seguintes aspectos xerais:

-Organización do centro.



-Recursos humanos: avaliaráse o cadro de persoal, titulación, número de profesionais, modalidade de contratación, experiencia profesional, etc...

-Canles de relación co Concello.

-Plan de mantemento.

-Relación coas familias.

-Formación do persoal.

-Mecanismos de control e fiscalización (fichas de alumnos, controis de asistencia dos alumnos e do persoal, protocolos de actuación para accidentes ou enfermidade, anexo de control de recollida dos nenos por terceiras persoas, fichas de seguimento, etc...).

-Relación detallada do material aportado para o desenvolvemento do servizo.

CLÁUSULA UNDÉCIMA. Admisibilidad de Variantes

Non se admiten variantes.

CLÁUSULA DUODÉCIMA. Ofertas anormalmente baixas

De conformidade co disposto no artigo 149.4 da LCSP cando a mesa de contratación ou, no seu defecto, o órgano de contratación, en aplicación dos parámetros establecidos nos criterios de valoración das ofertas, identifique que algunha delas estea incurso en presunción de anormalidade, concederáse ós licitadores afectados un prazo de cinco días hábiles para que poidan presentar unha xustificación axeitada das circunstancias que lles permiten executar dita oferta nesas condicións, cos criterios que se sinalan respecto diso no citado artigo 149 da LCSP.

Considerarase, en principio, como desproporcionada ou anormal as ofertas cando se cumpra o disposto no artigo 85 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro) en canto ó prezo do subministro.

Recibidas as xustificacións, a Mesa solicitará un informe técnico, xeralmente do funcionario que realice o proxecto ou estudo económico do contrato, que analice detalladamente as motivacións que argumente o licitador para poder manter a súa oferta. Á vista das xustificacións dos contratistas cuxa oferta sexa clasificada como desproporcionada e do informe do técnico municipal que as analice, a Mesa de contratación ou o propio órgano de contratación, no seu caso, decidirá motivadamente a admisión da oferta ou a súa exclusión.



En todo caso o órgano de contratación rexeitarán as ofertas se comprobán que son anormalmente baixas porque vulneran a normativa sobre subcontratación ou non cumpren as obrigas aplicables en materia medioambiental, social ou laboral, nacional ou internacional, incluíndo o incumprimento dos convenios colectivos sectoriais vixentes.

Cando a empresa que houber estado incurso en presunción de anormalidade fose a adxudicataria do contrato, elevarase o importe da fianza definitiva nun 50%.

CLÁUSULA DÉCIMO TERCEIRA. Preferencias de Adxudicación en caso de Empates

A documentación acreditativa dos criterios de desempate á que se refire o presente apartado será achegada polos licitadores no momento en que se produza o empate, e non con carácter previo, mediante a aplicación por orde dos seguintes criterios:

- a) Maior porcentaxe de traballadores con discapacidade ou en situación de exclusión social no persoal de cada unha das empresas, primando en caso de igualdade, o maior número de traballadores fixos con discapacidade en persoal, ou o maior número de persoas traballadoras en inclusión no persoal.
- b) Menor porcentaxe de contratos temporais no persoal de cada unha das empresas.
- c) Maior porcentaxe de mulleres empregadas no persoal de cada unha das empresas.
- d) O sorteo, no caso de que a aplicación dos anteriores criterios non dese lugar a desempate.

A efectos de aplicación destes criterios os licitadores deberán acreditarlos, no seu caso, indicándose conforme ao Anexo I e posteriormente o licitador que presente a oferta máis vantaxosa acreditará mediante os correspondentes contratos de traballo e documentos de cotización á Seguridade Social e calquera outro documento admitido en dereito que acredite os criterios sociais anteriormente referidos.

CLÁUSULA DÉCIMO CUARTA. Mesa de Contratación

A Mesa de contratación será o órgano competente para efectuar a valoración das ofertas e cualificar a documentación administrativa, e actuará conforme ao previsto no artigo 326 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 e no Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, desenvolvendo as funcións que nestes establécense.



A Mesa de Contratación, de acordo co establecido no punto 7 da Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, estará presidida por un membro da Corporación ou un funcionario da mesma, e formarán parte dela, como vogais, o Secretario ou, no seu caso, o titular do órgano que teña atribuída a función de asesoramento xurídico, e o Interventor, ou, no seu caso, o titular do órgano que teña atribuídas a función de control económico-orzamentario, así como aquel outros que se designen polo órgano de contratación entre o persoal funcionario de carreira ou persoal laboral ao servizo da Corporación, ou membros electos da mesma, sen que o seu número, en total, sexa inferior a tres. Os membros electos que, no seu caso, formen parte da Mesa de contratación non poderán supor máis dun terzo do total de membros da mesma. Actuará como Secretario un funcionario da Corporación.

La composición de la Mesa se publicará en el perfil de contratante del órgano de contratación correspondiente.

La Mesa de Contratación estará integrada por:

- Presidente: D^o. Luis Calvo Miguélez, Alcalde - Presidente do Concello de Agolada.
- Secretario: D^o. Diego García Pérez, auxiliar administrativo, funcionario de carreira do Concello de Agolada.
- Vocal: D. Juan Manuel Martínez Mateos, arquitecto técnico contratado polo Concello de Agolada.
- Vocal: D^o. David Criado Taboada, Secretario - Interventor do Concello de Agolada, funcionario de habilitación de carácter nacional, subescala Secretaría-Intervención.

CLÁUSULA DÉCIMO QUINTA. Apertura de Proposicións

A mesa de contratación procederá á apertura dos sobres «I», que conteñen declaración responsable, a documentación administrativa e a documentación que permita valorar os criterios cuxa ponderación depende dun xuízo de valor.

Tras a lectura das proposicións, e previa exclusión das ofertas que non cumpran os requirimentos, a Mesa solicitará aos servizos técnicos a valoración das mesmas que deberá realizarse nun prazo non superior a sete días e que deberán subscribirse polo técnico ou técnicos que realicen a valoración.

Reunida de novo a Mesa de Contratación, darase a coñecer a ponderación asignada aos criterios dependentes dun xuízo de valor.





A continuación, a Mesa procederá á apertura dos sobres «II» e avaliará e clasificará as ofertas.

Á vista da valoración dos criterios cuxa ponderación depende dun xuízo de valor (Sobre «I») e dos criterios cuxa ponderación é automática (Sobre «II»), a Mesa de Contratación propoñerá ao adxudicatario do contrato.

No caso de que se identifiquen ofertas que se atopan incursas en presunción de anormalidade, a mesa seguirá o procedemento previsto no artigo 149, aínda que o prazo máximo que para que o licitador xustifique a súa oferta será de 5 días hábiles, desde a data do envío da correspondente comunicación.

Posteriormente, a mesa realizará a proposta de adxudicación a favor do candidato con mellor puntuación. Requirirase a este que dentro do prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presente por medios electrónicos e con firma electrónica a documentación que se indica na cláusula seguinte.

CLÁUSULA DÉCIMO SEXTA. Requisito de Documentación.

No mesmo acto, a mesa de contratación requirirá, mediante comunicación electrónica, ao licitador que presente a mellor oferta para que, dentro do prazo de sete días hábiles desde a data do envío da comunicación, achegue o compromiso ao que se refire o artigo 75.2 da LCSP e a documentación xustificativa de que dispón efectivamente dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme ao artigo 76.2 da LCSP; así como aquela outra documentación para garantir o cumprimento do disposto no presente prego.

CLÁUSULA DECIMOSÉPTIMA. Garantía Definitiva

O licitador que presente a mellor oferta de conformidade co disposto no artigo 145, deberá constituír ao dispor do órgano de contratación unha garantía definitiva. A súa contía será igual ao 5 por 100 do importe do prezo final ofertado polo licitador, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido, de conformidade co disposto no artigo 107.

A constitución desta garantía deberá ser acreditada no prazo de sete días hábiles a contar desde o envío da comunicación.

A garantía definitiva responderá dos conceptos a que se refire LCSP.



A garantía definitiva constituirase en calquera das formas que se indican a continuación e que se establecen no artigo 108.1 LCSP:

17.1 En efectivo ou en valores, que en todo caso serán de Débeda Pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas nas normas de desenvolvemento desta Lei. O efectivo e os certificados de inmovilización dos valores anotados depositaranse na Caixa Xeral de Depósitos ou nas súas sucursais encadradas nas Delegacións de Economía e Facenda, ou nas Caixas ou establecementos públicos equivalentes das Comunidades Autónomas ou Entidades locais contratantes #ante as que deban fornecer efectos, na forma e coas condicións que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan, sen prexuízo do disposto para os contratos que se celebren no estranxeiro.

17.2 Mediante aval, prestado na forma e condicións que establezan as normas de desenvolvemento desta Lei, por algún dos bancos, caixas de aforros, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España, que deberá depositarse nos establecementos sinalados na letra a) anterior.

17.3 Mediante contrato de seguro de caución, celebrado na forma e condicións que as normas de desenvolvemento desta Lei establezan, cunha entidade aseguradora autorizada para operar no ramo. O certificado do seguro deberá entregarse nos establecementos sinalados na letra a) anterior.

CLÁUSULA DÉCIMO OITAVA. Adjudicación do Contrato

Nun prazo non superior a 5 días dende a presentación da documentación requirida ó licitador proposto, procederase a adjudicar o contrato a favor do licitador proposto como adjudicatario, procedéndose, una vez adjudicado o mesmo, á súa formalización.

No caso de que no prazo outorgado ao efecto o candidato proposto como adjudicatario non presente a documentación requirida, efectuarase proposta de adjudicación a favor do seguinte candidato en puntuación, outorgándose o correspondente prazo para a presentación da documentación.

A adjudicación deberá ser motivada notificarase aos candidatos ou licitadores, debendo ser publicada no perfil de contratante no prazo de 15 días.

CLÁUSULA DECIMONOVENA. Formalización do Contrato

A formalización do contrato en documento administrativo efectuarase non máis tarde dos quince días hábiles seguintes a aquel en que se realice a notificación da adjudicación aos





licitadores e candidatos; constituíndo devandito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público.

O contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos.

Cando por causas imputables ao adxudicatario non se formalizou o contrato dentro do prazo indicado esixiráselle o importe do 3 por cento do orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade, que se fará efectivo en primeiro lugar contra a garantía definitiva, se se constituíu.

CLÁUSULA VIXÉSIMA. Condicións Especiais de Execución do Contrato

Establécense as seguinte condicións especiais de execución do contrato, de acordo co establecido no artigo 202 LCSP:

O adxudicatario garantizará o uso de linguaxe non sexista na totalidade dos documentos emitidos.

CLÁUSULA VIXESIMO PRIMEIRA. Dereitos e Obrigación das Partes

21.1 Abonos ao contratista

O do servizo efectuarase tras a realización desta previa presentación de factura debidamente conformada.

O importe da adxudicación será satisfeito ao contratista, por meses vencidos, con cargo aos créditos previstos no Orzamento da Corporación, previa presentación da correspondente factura das horas de traballo efectivamente realizadas, coa conformidade dos técnicos de servizos sociais municipais responsables do servizo e fiscalización de Intervención.

A entidade prestadora presentará a facturas no Concello de Agolada, a mes vencido.

A cada factura a entidade prestadora achegará á/ao técnico responsable do Concello:

- A relación nominal de persoas beneficiarias atendidas e número de horas prestadas a cada unha delas, para que o Concello poida comprobar que coincida cos datos que figuran en cada expediente.
- Resumo mensual de incidentes, onde constará o nome da persoa usuaria, os días de atención, as horas concedidas, as horas efectivamente prestadas, o nome da auxiliar que asignou/a e os incidentes alienables, de ser o caso.





O pago do contrato realizase en virtude da contía acordada segundo o prezo hora que se estableza, sen que o contratista poida percibir ningún tipo de ingreso, sexa en forma de prezo, taxa ou tarifa directamente do usuario, por razón da prestación deste servizo.

Conforme á disposición adicional trixésimo-segunda da Lei de contratos do sector público, o contratista terá obrigación de presentar a factura que expedise polos servizos prestados ante o correspondente rexistro administrativo a efectos da súa remisión ao órgano administrativo ou unidade a quen corresponda a súa tramitación.

Na factura incluíranse, ademais dos datos e requisitos establecidos no Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigacións de facturación, os seguintes extremos previstos no apartado segundo da citada disposición adicional trixésimo-segunda, así como na normativa sobre facturación electrónica:

ENTIDADE CONTRATANTE	CONCELLO DE AGOLADA		
ÓRGANO DE CONTRATACIÓN	ALCALDÍA	CODIGO DIR 3	L01360209
ÓRGANO CON COMPETENCIAS EN MATERIA DE CONTABILIDADE <i>(OFICINA CONTABLE)</i>	INTERVENCIÓN	CODIGO DIR3	L01360209
DESTINATARIO DA PRESTACIÓN <i>(UNIDADE TRAMITADORA)</i>	TESORERÍA	CODIGO DIR 3	L01360209

O contratista deberá presentar a factura nun rexistro administrativo no prazo máximo de dez (10) días desde a realización da prestación no período de que se trate. A factura deberá presentarse en formato electrónico nos supostos que fixa a Lei 25/2013, do 27 de decembro, de Impulso á Factura Electrónica e Creación do Rexistro Contable de Facturas do Sector Público, nestes casos a presentación da factura no Punto Xeral de Acceso equivale á presentación nun rexistro administrativo.

De acordo con o establecido no artigo 198 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a Administración terá obrigación de abonar o prezo dentro do trinta (30) días



